

ACTA**PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 1/2022****SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 4 DE XANEIRO DE 2022****ORDE DO DÍA**

UNICO.(1) Acordos propostos en relación coa sentenza nº 908/2021 do Tribunal Supremo de data 24.11.2021; recurso 4248/2019. (Expte. 3212/1101).

ASISTENTES**POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**

Caballero Álvarez Abél Ramón (P)
 Aguiar Castro Yolanda (P)
 Aneiros Pereira Jaime (R)
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores (P)
 Caride Estévez María José (R)
 Espinosa Mangana Elena (P)
 Estévez Rodríguez Pablo Luis (P)
 Fernández Pérez José Manuel (P)
 Gómez Díaz Gorka (R)
 Iglesias González Ana Laura (R)
 Lago Barreiro María del Carmen (P)
 López Font Carlos (P)
 Losada Alvarez Abel Fermín (P)
 Mejías Sacaluga Ana Maria (P)
 Pardo Espiñeira Francisco Javier (P)
 Rivas González Ángel (P)
 Rodríguez Calviño Patricia (P)
 Rodríguez Díaz Santos Héctor (R)
 Rodríguez Rodríguez Nuria (P)
 Silva Rego M^a Carmen (R)

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa (R)
 González Castillo Jesús Marco (R)
 López Román Patricia (P)
 Marnotes González José Alfonso (P)

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (P)
 Pérez Correa Ruben (P)

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier (P)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día catro de xaneiro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez



Copia do documento - Concello de Vigo
 3257-1101

Data impresión: 28/01/2022 12:56

Páxina 1 de 5

CSV: A5A1AB-32CB46-BB222C-B55L3T-FZHCJZ-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

UNICO. ACORDOS PROPOSTOS EN RELACIÓN CO SENTENZA N.º 908/2021 DO TRIBUNAL SUPREMO DE DATA 24.11.2021; RECURSO 4248/2019. (EXPDTE. 3212/1101).

ANTECEDENTES: Con data 17.12.21, entrou no Rexistro do Pleno (nº 3212), solicitude asinada polos membros do grupo municipal do Partido Popular, mais dos membros do grupo municipal Mixto e mais do membro non adscrito, de Pleno extraordinario, co seguinte texto:

“MOTIVACIÓN

O Tribunal Supremo, a máis alta instancia xudicial do Estado, vén de ditar sentenza firme ratificando a condeza de cinco anos e tres meses de prisión a un funcionario do Concello de Vigo e o aínda responsable dunha empresa contratista do Concello.

O tribunal sinala que con obxecto de beneficiar economicamente a unha persoa vinculada familiarmente a un membro do Goberno municipal, nomeadamente a Sra. Silva Rego, o condenado funcionario municipal, que viña ostentando a función de Xefe de Participación e Atención Cidadá, dentro da Concillería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, veu participar nun plan que tiña por obxecto a súa contratación, dunha forma oculta e á marxe dos sistemas legais de oferta pública de emprego, “non constando se coñecía previamente á beneficiada, nin se aquela intención foi a iniciativa propia, ou a excitación de terceira ou terceiras persoas”.

O Concello abonou un total de 108.147,22 euros das arcas municipais, pagando facturas que non se correspondían coa realidade, pois ditas facturas reflectían uns traballos que non realizara, coa subscripción pola contratación fraudulenta mediante oito contratos menores.

Trátase de delitos moi graves cometidos no Concello de Vigo por persoal do Concello, malversando fondos públicos para beneficiar a unha familiar da Sra. Silva Rego, sen que o Goberno municipal teña dado explicacións nin actuase contra os responsables, nin tampouco tentase recuperar o diñeiro público malversado, polo que é preciso un pronunciamiento rotundo do Pleno do Concello, o máximo órgano de representación municipal para reprobar os feitos, investigar en detalle o acontecido e instar a depuración das responsabilidades políticas correspondentes.

Polo anteriormente exposto, ao abeiro do artigo 46.2.a) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e no artio 44 do Regulamento Orgánico do Pleno do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:56	Páxina 2 de 5
3257-1101	CSV: A5A1AB-32CB46-BB222C-B55L3T-FZHCJZ-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

concello de Vigo, os sete concelleiros do Partido Popular, En Marea de Vigo e BNG, abaixo asinantes, solicitan ao Alcalde - Presidente do Concello de Vigo a convocatoria dun Pleno Extraordinario da Corporación Municipal de Vigo coa seguinte proposta da orde do día:

UNICO.- Medidas e actuacións a adoptar perante o grave caso de corrupción no Concello de Vigo sobre o que recaeu sentenza do Tribunal Supremo.

E coas seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

- 1 Expresar o rotundo rexeitamento cara as prácticas corruptas de enchufismo que motivaron a condena, ratificada polo Tribunal Supremo, a penas de prisión e inhabilitación a un alto funcionario municipal e a un responsábel dunha empresa contrastista do Concello pola contratación irregular dunha familiar directa da Primeira Tenente de Alcalde, señora Carmela Silva Rego, de forma oculta e á marxe dos sistemas legais de oferta pública de emprego.
- 2 Reprobar a Primeira Tenente de Alcalde, señora Carmela Silva Rego, pola súa directa vinculación familiar no caso e a súa negativa reiterada a dar explicación algunha, e ao Alcalde, señor Abel Caballero Álvarez, pola súa inacción como máximo responsábel do Goberno municipal diante deste grave caso de corrupción, o que colida coa esixíbel exemplaridade ética á que deben someterse todos os representantes públicos.
- 3 Crear, de acordo ao previsto no artigo 35 do Regulamento Orgánico do Pleno, unha Comisión Especial de Investigación que permita coñecer en detalle o sucedido no caso de corrupción condenado e que se depuren as responsabilidades políticas daquelas persoas implicadas no mesmo, nomeadamente a aclaración de se os condenados xudicialmente actuaron por propia iniciativa ou por excitación de terceiras persoas.
- 4 Instar ao Goberno municipal á creación dunha Oficina Municipal Anticorrupción, dotada cos medios materiais e humanos precisos e con autonomía funcional, para realizar un exhaustivo control que impida novos casos de corrupción no Concello de Vigo.
- 5 Instar á constitución, no prazo máximo de 30 días, da Comisión informativa de Vixilancia da Contratación do Concello de Vigo nos termos recollidos no Regulamento Orgánico do Pleno no seu artigo 34.3.

En Vigo a 14 de decembro de 2021

Asdo: Alfonso Marnotes Gonzalez

Asdo: Teresa Egerique Mosquera

Asdo: Jesús Marco Gonzalez Castillo

Asdo: Patricia López Román

Asdo: Rubén Pérez Correa

Asdo: Oriana Méndez Fuentes

Asdo: Xabier Pérez Iglesias"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:56	Páxina 3 de 5
3257-1101	CSV: A5A1AB-32CB46-BB222C-B55L3T-FZHJCJZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar as propostas de acordo incluídas na solicitude de Pleno extraordinario (nº rexistro Pleno 3212), en data 17.12.21, asinada polos membros do grupo municipal do Partido Popular, mais dos membros do grupo municipal Mixto e mais do membro non adscrito, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario xaneiro
 Legislatura: Mandato 2019-2023
 Órgano : Pleno
 Fecha Inici: Martes, 4 de Enero de 2022 10:02:25
 Fecha Fin : Martes, 4 de Enero de 2022 10:26:09
 Duración : 00:23:44

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3155&lang=ga

- Media (MASTER)

[1] Windows Media Video WMV1/WMA2 1280x720 16:9 (Stereo), 318 MiB

SHA512 -
 211cf916a6a674be423ca261d35b9aec79530aef06106339176129956a33dcee395d3d9
 fd82e2887224822751a62c32715722dd70c5ea79070645e05ffe48716

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Lopéz Font, Carlos; Losada Álvarez, Abel; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gómez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, María



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:56	Páxina 4 de 5
3257-1101	CSV: A5A1AB-32CB46-BB222C-B55L3T-FZHCJZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Eugenia; Lago Barreiro, María del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, José Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Ángel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Marco González Castillo, Jesús; López Román, Patricia; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Igrexas, Xabier;

00:00:24 : Acordos propostos en relación coa sentenza nº 908/2021 do Tribunal Supremo de data 24.11.2021; recurso 4248/2019. (Expte. 3212/1101).

00:00:28 - Caballero Álvarez, Abel

00:02:01 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:02:12 - Pérez Iglesias, Xabier

00:04:30 - Caballero Álvarez, Abel

00:04:34 - Pérez Correa, Rubén

00:09:37 - Caballero Álvarez, Abel

00:09:40 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:14:45 - Caballero Álvarez, Abel

00:14:47 - López Font, Carlos

00:19:56 - Caballero Álvarez, Abel

00:20:01 - Pérez Iglesias, Xabier

00:20:58 - Pérez Correa, Rubén

00:22:03 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:22:59 - Caballero Álvarez, Abel

00:23:03 - Caballero Álvarez, Abel

00:23:08 - Votación [10:25:32]

00:23:44 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 1/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:56	Páxina 5 de 5
3257-1101	CSV: A5A1AB-32CB46-BB222C-B55L3T-FZHCJZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		